

PLAN DE CONVIVENCIA





ÍNDICE

1.	XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	3
2.	DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO	4
2.1.	Características do centro e do seu entorno	4
2.2.	Conflitividade detectada no centro	6
3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	8
4.	ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA	9
4.1.	Factores que interveñen na convivencia	9
4.2.	Medidas para a mellora da convivencia	9
5.	NORMAS DE CONVIVENCIA	11
5.1.	Dereitos e deberes	11
5.1.1.	Dereitos e deberes das nais e pais e titoras e titores legais	11
5.1.2.	Dereitos e deberes do alumnado	12
5.1.3.	Dereitos e deberes do profesorado	14
5.1.4.	Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos	15
5.2.	Normas de convivencia xerais do centro	16
5.2.1.	Relativas ás nais e pais ou titores/as legais do alumnado	16
5.2.2.	Relativas ao profesorado	16
5.2.3.	Relativas ao alumnado	17
5.3.	Normas de convivencia específicas de cada etapa educativa	19
5.3.1.	Educación Infantil	19
5.3.2.	Educación Primaria	20
5.3.3.	Educación Secundaria	22
5.3.4.	Formación Profesional Básica	23
5.4.	Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección	24
5.4.1.	Principios xerais	24
5.4.2.	Clases de condutas contrarias á convivencia escolar	25
5.4.3.	Gradación das medidas correctoras	26
5.4.4.	Reparación de danos causados	26
5.4.5.	Ámbito de corrección	27
5.4.6.	Aspectos formais do procedemento corrector	27
5.4.7.	Condutas gravemente prexudiciais, correccións e responsables	29
5.4.8.	Condutas leves contrarias á convivencia, correccións e responsables	30
5.4.9.	Procedemento de correccións das condutas gravemente prexudiciais	31
6.	PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO: ACOSO ESCOLAR	33
6.1.	Concepto e tipos de acoso escolar	33
6.2.	Prevenición das situacións de acoso escolar	34

6.3. Detección das situacións de acoso escolar	35
6.4. Tratamento das situacións de acoso escolar	36
6.5. Protección integral das vítimas	36
7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	36
7.1. Configuración e composición	36
7.2. Plan de actuación	37
7.3. Plan de reunións	38
7.4. A aula de convivencia	38
7.4.1. Obxectivos da aula de convivencia	38
7.4.2. Criterios para que o alumnado poda ser atendido aula de convivencia	39
7.4.3. Procedemento de asistencia á aula de convivencia	39
8. DELEGADOS OU DELEGADAS DO ALUMNADO	40
9. COMISIÓN DE NAIS E PAIS	41
10. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E CON OUTROS ORGANISMOS	42
11. DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	43
11.1. Aprobación e difusión	43
11.2. Seguimento e avaliación	43

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O noso centro educativo, baixo a titularidade das “Misioneras del Divino Maestro”, institución educativa católica ao servizo da persoa, desde o noso Carácter Propio propoñemos un MODELO DE CONVIVENCIA baseado fundamentalmente na educación integral dos nosos alumnos e alumnas.

Esta educación integral ten a súa razón de ser desde a propia filosofía educativa pretendida polos fundadores, onde a nosa actuación non so vai encamiñada a desenvolver intelixencias senón, principalmente a vontade “Educar é ensinar a vivir”, isto implica a atención e o interese polos aspectos comunitarios do noso alumnado, a súa capacidade de pensar e comunicarse en grupo, de convivir e traballar cos demais, a esixencia e firmeza no estudio, nas diversas actividades da vida escolar, a cooperación e maila participación do alumnado na súa propia formación.

Para favorecer esta formación integral dos nosos alumnos e alumnas é necesario que no Centro haxa un clima de traballo, cooperación e respecto. Para isto é preciso que todos os sectores da comunidade educativa acepten as normas de convivencia establecidas e se comprometan a respectalas.

Nesta sociedade na que nos atopamos inmersos, onde a formación humano-cristiá foi perdendo relevancia, desencadeando una crise de valores na nosa mocidade, a nosa tarefa educativa ten a inmensa posibilidade de dar alternativas de solución inspiradas na persoa de XESÚS DIVINO MAESTRO e na vivencia dos valores evanxélicos, cuxa finalidade é o amor, valor esencial da nosa filosofía educativa: “ A EDUCACIÓN É OBRA DE AMOR”.

Por todo o sinalado, potenciamos de xeito transversal una formación en valores que proporciona á persoa:

- Capacidade de saber recoñecer o equilibrio entre liberdade e tolerancia, posto que crear una verdadeira cultura da tolerancia require fixar límites do intolerable.
- Formación en e para o respecto cara o diferente, como disposición de admitir nos demais un xeito de ser e de obrar distinto ao propio.
- Actitude de aceptación del lexítimo pluralismo.
- Estimulamos o recoñecemento da responsabilidade persoal e colectiva ante as inxustizas sociais.
- Tentamos fomentar o sentido comunitario, democrático, participativo e a vivencia dos valores de: acollida, ledicia, perdón, sinxeleza, servizo, solidariedade e corresponsabilidade.

Desde o noso Centro recoñecemos á familia coma a expresión primeira e fundamental da natureza social do home. Compete inicialmente aos pais a tarefa educadora, son eles os primeiros e principais pedagogos dos seus fillos e fillas. Neste senso, mantemos unha

relación persoal e constante con eles a través da acción titorial e mailo seguimento personalizado familia-escola.

A principal finalidade deste plan é acadar o axeitado clima escolar, o respecto entre o noso alumnado e destes cara a institución escolar e ao profesorado, así coma a aceptación por parte dos pais/titores da súa responsabilidade na educación dos seus fillos e fillas.

É o Plan de Convivencia un medio máis de facer realidade concreta a posta en práctica da nosa oferta educativa: A FORMACIÓN HUMANA E CRISTIANA do ALUMNADO para axudarlles a sentirse responsables dos seus semellantes e da sociedade.

A educación ten como finalidade aprender a convivir procurando unha sociedade máis xusta, democrática, pacífica, igualitaria... onde non teñan cabida actos de violencia, acoso, maltrato... polo que o noso centro educativo debe implicarse para coñecer a súa realidade e propiciar accións de mellora da convivencia, atallando os problemas pero sobre todo encontrando a maneira de previlos.

2. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

2.1. Características do centro e do seu entorno

O Colexio Plurilingüe Divino Maestro é un centro privado concertado católico pertencente á Institución das RR Misioneras del Divino Maestro, fundada a mediados do século XX por Francisco Blanco Nájera e Soledad de la Cruz.

O Colexio está ubicado na rúa Madre Soledad de la Cruz nº 1 de Ourense, no barrio de O Vinteún, zona da cidade na que se atopa a porcentaxe maior de nivel de persoas en idade de traballar (de 15 a 64 anos) e, a súa vez, o menor índice de nivel cultural (porcentaxe de poboación de 16 anos ou máis con estudos secundarios ou universitarios). O nivel socioeconómico é medio-baixo cunha una elevada taxa de desemprego acusada pola recente situación económica que destruíu o emprego de diferentes sectores, con especial incidencia no sector da construción no que, directa ou indirectamente, estaban inmersas moitas das nosas familias.

O centro dunha única liña de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional Básica así coma unha aula de Educación Especial concertadas.

O horario escolar en EI e EP é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. En ESO de 8:05 a 14:00 horas de luns a venres e de 15:30 a 17:20 horas os luns. En FPB de 8:10 a 13:50 horas de luns a venres e de 15:30 a 17:20 horas os luns.

O comedor escolar desenvólvese de luns a venres en horario de 14:00 a 15:30 horas e as actividades extraescolares realízanse a partires das 15:30 horas.

Unha das principais características do noso centro é o achegamento ao noso alumnado e ás súas familias con contactos periódicos de información e coordinación de carácter global e particular previamente establecidos na nosa planificación. As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro son tratadas coas familias nos casos de que proceda algún tipo de intervención ou información da conduta.

Nos últimos cursos nótase un descenso no interese e preocupación das familias pola educación e formación dos seus fillos e fillas, así coma na participación e colaboración nas tarefas propias da comunidade educativa.

A expectativa que as nais e pais teñen do noso centro, é dun bo nivel académico e de esixencia, cunha formación humana cristiá acorde á oferta que facemos coas implicacións lóxicas do carisma propio como centro católico.

É un feito constatado nos últimos anos dun aumento de familias desestruturadas. Isto fainos están espertos para incorporar medidas preventivas de atención a este alumnado e a estas familias máis vulnerables e que demandan da nosa axuda e atención.

Os alumnos e alumnas deben crecer, aprender e madurar xuntos nun ambiente educativo de convivencia sa, deste xeito serán cidadáns honrados e capaces de asumir as diferenzas, respectar aos outros, dialogar e convivir.

O obxectivo primordial do noso centro é lograr un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída, aberta e sincera entre todos os membros da comunidade educativa-pastoral. Este reto debe ser o noso compromiso básico para levarnos a ter un clima de convivencia harmónico, facilitador do traballo escolar, onde todos e todas poidan sentirse seguros, ledos e respectados.

Desde estes valores básicos, a nosa misión educativa será a de crear entre todos unha escola de valores humanos e cristiáns de acordo á seguinte prioridade dos mesmos:

- Liberdade e responsabilidade como conquista da autonomía persoal para optar pola verdade e o ben.
- Fortaleza, constancia e cultura do esforzo como a forza interior que nos fai capaces coa axuda da intelixencia e a vontade para superar obstáculos que nos impiden crecer como persoas.
- Fraternidade e solidariedade como virtudes cristiás que se fundamentan na filiación divina e se expresan na vivencia do mandamento do Amor.

- Respecto e tolerancia como relación equilibrada cun mesmo, cos outros, coa natureza e coas cousas.
- Verdade e espírito crítico como a coherencia entre o que se di, pensa e vive.
- Paz como valor que afecta a todas as dimensións da vida.
- Xustiza como recoñecemento e respecto pola dignidade e os dereitos da persoa.
- Participación que proporciona ao alumno as ferramentas necesarias para integrarse de xeito activo na vida na sociedade.

2.2. Conflitividade detectada no centro

Educación Infantil

Os problemas de comportamento débense a unha falta de autocontrol e disciplina así como a inconsciencia dos perigos.

Téntanse facer reflexións de etapa para dar solucións a aspectos puntuais, titorías cos pais e trabállase conxuntamente co Departamento de Orientación.

Conflitos máis habituais:

- Pelexas por ser o primeiro na fila.
- Falta de coidado do propio material e do compañeiro.
- Insultos.
- Pegar.
- Xogos de pelexas.
- Falta de asimilación das normas de aula.

Educación Primaria

Os problemas de comportamento débense na meirande parte dos casos á dificultade de adaptación do alumno/a á etapa. Na resolución de conflitos cos compañeiros, na adquisición de responsabilidade e orde nos propios asuntos.

Trabállase nos equipos por ciclo e etapa para dar solucións a aspectos puntuais e xerais propios, titorías cos pais e traballo conxunto co Departamento de Orientación.

Conflitos máis habituais

- Acusacións.

- Pelexas.
- Faltas de respecto ao compañeiro (risas e mofa).
- Esquecementos das tarefas.
- Falta de puntualidade.
- Comportamentos agresivo.
- Descoido dos materiais e espazos comúns no recreo e no centro.

Educación Secundaria

É necesario traballar de forma consensuada entre os profesores e cos pais dos alumnos. Nesta etapa percíbese unha falta de valoración positiva da labor do profesorado por parte das familias, evitando recoñecer a realidade dos fillos/as.

Conflitos máis habituais

- Non transmitir a información de maneira axeitada.
- Interromper a clase.
- Insultos entre alumnos/as.
- Apatía, pasividade, falta de motivación.
- Agresividade no xogo.
- Acusacións.
- Lanzar obxectos.
- Levantarse sen permiso.
- Comentarios en alto e chismes.

Formación Profesional Básica

Polas características específicas desta etapa na que a meirande parte do alumnado é de nova incorporación no centro e ten un alto índice de rexeitamento cara o académico por experiencias negativas no pasado, xorde a necesidade de crear un clima de acollida para que sintan o centro como un fogar. O primeiro obxectivo e recuperar o hábito de asistencia ao colexio e reforzalos positivamente a diario para que volvan a coller a confianza en si mesmos que, nun alto índice deste alumnado está estragada.

Conflitos máis habituais

- Problemas de convivencia debidos á diferenza de idade.
- Falta de puntualidade. Demoras, especialmente a primeira hora e tras o recreo.
- Uso do móbil na aula con fins non educativos.
- Non participación naquelas actividades extraescolares programadas polo profesorado nos distintos módulos.
- Faltas leves de respecto ao profesor, falar en clase mentres o está facendo o profesor, esixir en lugar de solicitar, faltas de educación, etc.

- En xeral, apréciase polo profesorado a existencia de problemas por certa parte do alumnado coa aceptación das normas en xeral.
- Carencias respecto ao seu autoconcepto e problemas de autoestima por defecto.
- Condutas desafiante que denotan unha perentoria falta de habilidades sociais.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- ✓ Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas.
- ✓ Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos que se puideran expor no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- ✓ Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- ✓ Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- ✓ Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- ✓ Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias.
- ✓ Favorecer a cooperación con entidades e institucións do entorno que contribúan á construción de comunidades educadoras.

4. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

4.1. Factores que interveñen na convivencia

Un conflito é unha oposición de intereses, motivos ou posicións diferentes entre individuos ou grupos. Os conflitos aparecen por diversas causas entre as que se atopan as ideolóxicas, a ansia de poder, a desorganización e os aspectos persoais coma a falta de empatía, as actitudes inflexibles, os falsos rumores, a insatisfacción ...

O conflito non debe desembocar en comportamentos agresivos ou violentos; provocan malestar momentáneo, son solucionables e didácticos. Os conflitos deben afrontarse pacificamente, con diálogo, comunicación, acordo, negociación, entendemento e concordia. O obxectivo é reparar, reconciliar e resolver.

Outro apartado importante a valorar na convivencia e a violencia ou maltrato. É cando alguén impón a súa forza coa intención de provocar dano físico ou psicolóxico a outros. Nestes casos debemos actuar de forma firme, regulada e humanizada.

A agresividade supón a tendencia a encarar unha situación vivencial con actitude combativa. É a agresión a manifestación violenta que desemboca no maltrato entre iguais ou desiguais supoñendo unha alteración da convivencia. Nestes casos debemos fomentar os aspectos máis positivos da vida.

4.2. Medidas para a mellora da convivencia

As actuacións que se desenvolven no Colexio Plurilingüe Divino Maestro para educar na convivencia e na resolución de conflitos e previr a violencia pódense resumir do seguinte xeito:

- a) Elaboración anual, por parte del profesorado, da normativa do centro e as correspondentes medidas correctoras.
 - Responsable: Claustro de profesores/as.
 - Destinatarios/as: Toda a comunidade educativa.
- b) Información sobre a Normativa a nais, pais e titoras/es legais do alumnado e alumnas/os a través das reunións de principio de curso, titorías, entrevistas, convivencias de inicio de curso, plataforma de comunicación, axenda escolar, páxina web do centro.
 - Responsables: Claustro de profesores/as.
 - Destinatarios/as: Toda a comunidade educativa.
- c) Cumprimento das normas de convivencia do centro e aplicación das medidas correctoras seguindo as canles establecidas (profesor/a, titor/a, coordinador/a de etapa, xefe/a de estudos e director/a)

- Responsables: Claustro de profesores/as.
 - Destinatarios/as: Toda a comunidade educativa.
- d) Elección de responsables de aula entre o alumnado segundo os criterios establecidos dentro do proxecto de aprendizaxe cooperativo establecido en todo o centro.
- Responsables: Titoras e titores de cada curso.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.
- e) Elaboración de normas específicas para o grupo-clase.
- Responsables: Titoras e titores de cada curso.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.
- f) Desenvolvendo a aposta do centro polo traballo en cooperativo en todos os cursos de todas as etapas como elemento favorecedor da convivencia entre iguais.
- Responsables: Titoras e titores de cada curso.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.
- g) Fomento das relacións interpersoais de aceptación e respecto mutuos a través de momentos de ocio: excursións, obradoiros e saídas culturais.
- Responsables: Titoras e titores de cada curso.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.
- h) Favorecendo a convivencia coa conmemoración das datas sinaladas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Constitución e Estatuto de autonomía de Galicia, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana da Prensa, Día Mundial da Saúde, Semana do libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas e o Día Mundial do Medio Ambiente.
- Responsables: Titoras e titores de cada curso.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.
- i) Desenvolvemento de actividades específicas en cada aula, durante o mes de maio, que favorezan a visibilidade e a integración de xeito transversal da diversidade afectivo-sexual impulsando a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.
- Responsables: Titoras e titores e profesor/a igualdade de xénero.
 - Destinatarios/as: Alumnado de cada curso.

- j) Fomento da convivencia a través do deporte como centro promotor da actividade física e deportiva, favorecendo as relacións entre iguais a través de exercicios en grupos, festas do deporte, torneos ...
- Responsables: Departamento de Educación Física.
 - Destinatarios/as: Alumnado de todo o centro.
- k) Promoción da convivencia con outros centros Divino Maestro por medio de encontros deportivos e pastorais.
- Responsables: Departamento de Pastoral e de Educación Física.
 - Destinatarios/as: Alumnado de todo o centro.
- l) Fomento da convivencia a través de las actividades pastorais: celebracións relixiosas, preparación dos tempos litúrxicos máis relevantes, convivencias, oratorios, oración matinal, semana do Divino Maestro, grupos bíblicos, formación carismática do profesorado, formación de profesorado de nova incorporación, Grupos Divino Maestro.
- Responsables: Departamento de Pastoral.
 - Destinatarios/as: Toda a comunidade educativa.
- m) Desenvolvemento da escola de nais e pais cun itinerario establecido: Familia e sociedade (4ºEI a 2º EP), Funcións da Familia (3ºEP a 6ºEP), Novas Tecnoloxías uso e abuso (6ºEP a 2º ESO), Sexualidade e afectividade (3ºESO e 1º FPB) e Drogas (4º ESO e 2º FPB).
- Responsables: Departamento de Orientación.
 - Destinatarios/as: Nais, pais ou titores/as legais de todo o alumnado.
- n) Fomento do espírito solidario, participativo e crítico da realidade social transmitindo actitudes de tolerancia e respecto a través de campañas, establecidas para cada curso e etapa: Domund (3ºEP a 2º ESO), Fame Manos Unidas (3ºESO a 2ºFPB), Infancia Misioneira (4ºEI a 2º EP), Xornada Misioneira e Cea Solidaria (4ºEI a 2ºFPB).
- Responsables: Departamento de Pastoral.
 - Destinatarios/as: Todo o alumnado do centro.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

5.1. Dereitos e deberes

5.1.1. Dereitos e deberes das nais e pais e titoras e titores legais

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos do centro docente.
 - c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro docente.
 - d) A ser oídos, nos termos previstos na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:
- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
 - b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 - d) Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

5.1.2. Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:



- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
 - e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:
- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
 - b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
 - c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
 - d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
 - e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
 - f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do seu centro docente.
 - g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
 - h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

5.1.3. Dereitos e deberes do profesorado

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
 - d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
 - e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
 - f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
2. Son deberes do profesorado:
 - a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

5.1.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:
 - a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento

5.2. Normas de convivencia xerais do centro

5.2.1. Relativas ás nais e pais ou titores legais de alumnos/as

- o Coñecer e atender a Normativa do Centro.
- o Atender ás citacións do Centro.
- o Absterse de visitar e comunicarse tanto cos fillos/as coma cos profesores/as durante as clases ou recreos sen causa xustificada.
- o Ter un comportamento correcto dentro do recinto escolar.
- o Non desautorizar a acción dos profesores en presenza dos seus fillo/as.
- o Facilitar información veraz ao profesorado.
- o Colaborar co profesorado naquelas actividades para as que se solicite axuda.
- o Para entrevistarse cos profesores respectar a hora e o lugar establecidos para a titoría.
- o Facilitar o cumprimento das obrigas dos seus fillos co Centro no referente a: puntualidade nas entradas, hixiene persoal e roupa axeitada á actividade escolar.
- o Xustificar a ausencia e retrasos dos seus fillos durante o horario escolar mediante a plataforma de comunicación coas familias ou mediante a axenda escolar.
- o Recoller persoalmente, ou mediante persoa autorizada, aos alumnos que teñan que ausentarse do Centro durante o horario escolar, previa autorización.

5.2.2. Relativas ao profesorado

- o Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión.

- Preparar axeitadamente as clases.
- Asistir con puntualidade ás clases e reunións para as que fora convocado.
- Vixiar ao alumnado no recreo, segundo as quendas correspondentes.
- Colaborar no mantemento e bo uso do material e instalación do Centro.
- Respetar a personalidade de cada alumno, potenciando as súas capacidades e destrezas.
- Non facer distincións entre os alumnos.
- Asumir as decisións do Claustro de Profesores, do Consello Escolar e das autoridades educativas.
- Manter contactos periódicos cos pais ou titores dos alumnos dentro do horarios establecido a tal efecto.
- Cooperar no mantemento da orde e disciplina necesarias para a actividade escolar.
- Aplicar a Normativa de Convivencia.

5.2.3. Relativas ao alumnado

- Amosar un trato respectuoso cos compañeiros, profesores e con todo o persoal ao servizo do Colexio.
- O aseo persoal e a vestimenta serán os axeitados para un centro educativo no que o respecto cara aos demais e ao estudo é fundamental. Nas clases de Psicomotricidade en Infantil e Educación Física, en Primaria e Secundaria é obrigatorio o uso do chándal e roupa deportiva corporativa do Colexio, así como o mandilón en Infantil. O chándal corporativo será a indumentaria nas actividades complementarias que se realicen fóra do Colexio.
- Asistencia puntual ás actividades escolares e respectar o horario escolar.
- Respetar aos compañeiros/as nas entradas e saídas realizando as mesmas con orde sen correr nin empurrar.



- Responsabilizarse de entregar, na axenda escolar, os xustificantes das faltas de asistencia e de puntualidade, asinados pola nai/pai/titor legal nos casos en que non se fixera pola plataforma de comunicación.
- Todos faremos bo uso do edificio, as instalacións deportivas, o mobiliario e o material escolar velando polo seu coidado e maila súa limpeza empezando pola propia aula.
- Empregar un vocabulario correcto e educado evitando palabras que sexan malsoantes: usando as normas de cortesía (saúdo ao entrar e saír, ceder o paso, dar as grazas, pedir por favor ...).
- Non son permisibles baixo ningunha xustificación as agresións físicas, psicolóxicas e/ou verbais por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, conviccións ideolóxicas ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, así coma calquera outra condición persoal ou social; a intimidación, a ameaza, o chantaxe, o acoso ou outras situacións nas que se produza unha indefensión dalgunha persoa e nos que se evidencia un claro desequilibrio de poder.
- Favorecer a boa marcha da clase, amosando unha actitude de respecto, fomentando un clima de traballo e colaboración cos profesores e compañeiros.
- Nas saídas culturais utilizar o transporte con corrección.
- Non ausentarse do Centro no horario escolar sen coñecemento do titor/a ou profesor/a responsable.
- No Centro non está permitida a presenza nin utilización de aparellos electrónicos que interrompan ou distraian: teléfono móbiles, tablets, mp3, mp4 ...; salvo naqueles casos que, excepcionalmente e por indicación do profesor, sexa solicitado con comunicación pola plataforma ás familias para realizar algunha tarefa escolar. Debido a que non está permitida a presenza destes aparellos o Colexio non se fai responsable da perda, subtracción destes dispositivos.
- Cumprir as medidas de corrección emanadas da aplicación do Regulamento de Réxime Interior (R.R.I.).
- Non está permitido permanecer fóra da aula durante as horas de clase. Cando se realicen desprazamentos polos corredores ou escaleiras faranse con orde e en silencio.
- Levar ás aulas os libros e material escolar que sexan precisos.

- Respetar todas as pertenzas dos demais, pedindo por favor antes de coller prestado e coidando o que me presten.
- So se asistirá aos servizos, durante as clases, en casos de verdadeira necesidade e facendo un uso correcto dos mesmos.
- Non interromper a marcha das clases. Non está permitido comer, nin perder o tempo con obxectos alleos ao traballo da aula durante o horario escolar para respectar aos meus compañeiros.
- Non se ameazará, insultará, discriminará, nin pelexará xamais cos compañeiros/as nin con ningún membro da comunidade educativa: ademais, para evitar accidentes non se participará en xogos violentos.
- Tentarse solucionar os conflitos usando o camiño correcto: o titor/a en primeiro lugar, o xefe/a de estudos en segundo lugar e o director/a como último recurso.
- Velar por ampliar o punto de vista propio desde unha actitude de diálogo na busca de antepoñer o ben común ao individual.

5.3. Normas de convivencia específicas de cada etapa educativa

5.3.1. Educación Infantil

- A entrada e saída realizarase pola entrada da rúa Río Corzos.
- Deberá haber puntualidade no comezo e remate da xornada educativa, neses intreos os pais e nais non accederán ao recinto.
- Os alumnos deberán ser recollidos polo seu pai, nai, titor ou titora legal. De non ser así deberán avisar con anterioridade ao centro.
- Todas as prendas de roupa deberán vir co nome e cunha cinta para poder colgalas.
- Os libros de textos pedidos polos mestres deberán vir co nome e foto de cada alumno na portada.
- É obrigatorio traer o primeiro día da semana o mandilón.
- O chándal do colexio será obrigatorio nas saídas que se realicen.
- O calzado deberá ter "velcro" ou cremalleiras, nunca cordóns.

- Non se poderán traer xoguetes nin material que non fora solicitado anteriormente pola mestra ou mestre.
- Non poderán traer pulseiras, colgantes, aneis nin reloxos ao centro.
- As invitacións de aniversarios non se poderán dar dentro do centro
- As mochilas deberán ser pequenas por motivos de espazo e para evitar pelexas.
- Para a hora do recreo as merendas serán segundo o calendario das “merendas saudables” e de non ser así non poderán merendar ese día.
- Calquera problema deberá ser falado previamente co titor ou titora.
- As modificacións de datos de contacto deberán ser notificados á titora ou titor.

5.3.2. Educación Primaria

- Os alumnos poderán entrar ao cole a partir das 8:55 horas que se abrirá a porta principal (rúa Madre Soledad de la Cruz).
- Un mestre/a do departamento de orientación velará pola correcta entrada nas escaleiras e outro/a estará no paso polo corredor.
- Os alumnos/as serán recibidos dentro da aula polos mestres/as que impartan a primeira hora.
- O alumnado que chegue despois do peche da porta das aulas ás 9:03 horas contabilizarán un retraso.
- Os alumnos/as que chegaran tarde á oración matinal entrarán na aula e quedarán ao final da mesma sen deixar as súas pertenzas a fin de non interromper o normal desenvolvemento da mesma.
- Os pais e nais non deben subir ás aulas.
- Nas saídas das clases ao rematar a xornada, nas saídas aos recreos e nos cambios de clase os profesores/as coidarán ao máximo a puntualidade. Os cambios de clase realizaranse con puntualidade. Soará un timbre que marcará os cambios de clase, a entrada, a saída e o comezo e fin do recreo.
- Non se debe correr nos corredores nin nas escaleiras.

- Os alumnos/as non poderán subir ás aulas despois da saída nin durante os recreos.
- Os profesores de Educación Física e Música recollerán e devolverán despois da clase aos alumnos á súa titoría.
- Titores e especialistas computarán as faltas de asistencia e retrasos na plataforma de comunicación coas familias. Non se deben superar o 10% de faltas sen xustificar ao mes, considerándose absentismo escolar no caso contrario.
- Aos cinco retrasos por trimestre comunicárase ás familias, sendo aos dez retrasos comunicado á Xefatura de Estudos.
- Ao remate das clases os profesores/as que teñan a clase a última hora acompañarán aos seus alumnos ata a porta principal comprobando que non quede ningún alumno/a na aula, saíndo de forma ordenada e con puntualidade.
- Ao son do primeiro timbre o alumnado de 1º 2º e 3ºEP recollerán na aula e sairán pola porta principal no intre de soar o segundo timbre.
- Ao son do segundo timbre o alumnado de 4º, 5º, 6º EP recollerán e sairán.
- As quendas de recreo están organizadas de xeito que os mestres/as teñen un orde para baixar e subir acompañando ao alumnado e evitando que ningún quede só no patio ou na aula.
- Os mestres/as estarán repartidos en tres zonas diferenciadas do patio no tempo de recreo: servizos, túnel, canchas.
- Se o patio está mollado polo tempo meteorolóxico non estará permitido o uso de balóns.
- Deberase cumprir o cadro de suplencias de recreos por parte do profesorado.
- Dentro do proxecto de merendas saudables fomentamos a dieta equilibrada polo que non se poderán consumir caramelos, bolos industriais, lambetadas ...
- Os xoves un mestre vixiara o corredor do piso marrón e a entrada o patio mentres os alumnos visiten a capela. A capela estará aberta de 11:45 a 12:00 horas.
- O mestre/a que suba en último lugar do recreo quedará cun grupo de alumnos/as recollendo o lixo do patio.

- Os alumnos/as maiores deberán sempre ceder o paso os máis pequenos nas entradas, saídas e corredores.
- Nas aulas estará implantado a aprendizaxe cooperativa en todos os cursos e, os alumnos/as, terán os mesmos roles coas mesmas funcións. (Poderanse facer adaptacións dependendo das diferentes idades).
- Os encargados/as de aula rotarán por días ou semanas.
- O alumnado deberá deixar todo recollido antes de saír ao patio e antes de irse para casa.
- Non está permitido repartir invitacións dentro do Colexio.
- Si é necesario beber deberase facer durante os cambios de clase ou no recreo.
- As mochilas deberán ser pequenas para 1º e 2º e recomendaranse sen rodas para o resto de cursos. Importante a organización para evitar grandes pesos nas mochilas.
- Débese vestir de maneira axeitada para a actividade escolar, sen frases molestas, roupa limpa, non permitíndose o uso de equipacións de deporte completas.
- Non se deben utilizar ou coller material alleo sen permiso.
- Debemos amosar en todo momento unha actitude de esforzo intentando mellorar cada día.
- Comportarse adecuadamente segundo o lugar no que estamos, actividade que levamos a cabo...
- Non está permitido o uso de aparato electrónicos (agás algunha excepción nas excursións de máis de un día).

5.3.3. Educación Secundaria

- Para comezar as clases o alumnado manteranse en orde, sen falar alto, sen xogar sen ocupar o lugar do profesor, sen pintar o taboleiro nos cambios de materia e coa porta aberta. Asimesmo, terán dispostos os materiais necesarios.
- Facemos fincapé en que cando se sae da aula deixala ordenada nos pupitres ou todo na mochila.
- Respectarase a quenda de palabra.

- Empregarase un vocabulario correcto que exclúa o uso de sobrenomes, insultos ou palabras malsoantes.
- Traer sempre o material necesario á aula.
- Farase un trato axeitado dos elementos comúns, materiais e mobiliario do centro, sendo que o dano intencionado dos mesmos será corrixido mediante un traballo que repare e se fose necesario repoña o material ou espazo danado.
- Deberase manter a orde na mesa de estudo.
- Respectar os acordos de etapa tomados polo conxunto do profesorado das diferentes materias sobre traballos orais e escritos, libreta, exames ...; dados a coñecer nas titorías e avaliábles (orde e limpeza, entrega de traballos, uso do "tippex"...).
- Non deixar o material propio (tenis, libros, etc) nas clases dun día para outro., pasando a formar parte da VOLUNTARY LIST.
- Obstaculizar o normal desenvolvemento das clases, así como a actitude pasiva reiterada será comunicada ás familias xunto coa medida correctiva correspondente.
- Ter un vocabulario adaptado ao seu nivel, tanto na linguaxe escrita como na oral.
- Avaliaremos a atención, participación activa, actitude de colaboración e axuda na aula e no centro.
- Teremos en conta o esforzo, a constancia e o interese por aprender na nota do parcial.
- Memorización e asimilación dos contidos de cada área.
- Lembramos que non se permite a utilización de móbil, mp3, discman,... A 1ª vez que o vexamos enviaremos carta a casa e entregamos o aparello coa firma dos seus pais, a 2ª vez recolleremos o obxecto e só o entregaremos aos pais do alumno/a.

5.3.4. Formación Profesional Básica

- Coñecer as normas de convivencia do centro e o RRI a través da información a pais, alumnos e profesores durante o primeiro trimestre.

- Analizar periodicamente a convivencia do centro a través de análise e debates cos alumnos durante todo o curso.
- Previr e corrixir as condutas perturbadoras mediante o seu traslado á aula de convivencia.
- Controlar a asistencia a clase do alumnado e a puntualidade, informando ao profesorado do sistema de control da plataforma e introducindo as faltas de asistencia na mesma.
- No caso dos alumnos maiores de idade, xustificar as ausencias ao centro escolar mediante documento oficial: médico, organismo oficial, contrato laboral....
- Acoller ao alumnado novo os primeiros días de clase, ensinando as instalacións, coñecendo ao equipo docente, elaborando as normas de conduta na aula.
- Durante os recreos só poderán saír do recinto escolar o alumnado de 1º cursos cumprisen 17 anos durante o curso escolar (1 de setembro ao 31 de xuño) e traian asinada unha autorización dos seus pais/nais ou titores legais, así como os maiores de idade. Tamén poderán saír o alumnado de 2º curso coa pertinente autorización no caso de que sexan menores de idade.
- Previr o consumo de tabaco e outras drogas con publicidade na aula e mediante charlas e conferencias.

5.4. Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección

Segundo o que se contempla na normativa relativa á convivencia escolar vixente na actualidade no referente ás condutas contrarias á convivencia escolar e ás súas medidas de corrección (*Título III do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*).

5.4.1. Principios xerais (*artigo 32 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*)

1. Porá especial énfase na prevención de condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no Plan de Convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se

apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
 - b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
 - c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
 - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
 4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
 5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
 6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
 7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

5.4.2. Clases de condutas contrarias á convivencia (artigo 33 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
 - a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
 - b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

5.4.3. Gradación das medidas correctoras (artigo 34 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

Tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

5.4.4. Reparación de danos causados (artigo 35 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

5.4.5. Ámbito de corrección (artigo 36 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

5.4.6. Aspectos formais dos procedementos correctores (art.37 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:
 - a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.



- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos de identidade das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
 - e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.
 4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
 5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
 6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados nos procedementos de corrección de faltas gravemente prexudiciais para a convivencia son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
 7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

5.4.7. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, corrección e persoas responsables da súa aplicación (art. 38-41 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

Condutas gravemente prexudiciais	Correccións	Responsable
<p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> <p>h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p> <p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p> <p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Será indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar obxectos a que se refire o punto do art. 11 da Lei 4/2011 cando é requirido polo profesorado.</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>f) Cambio de centro.</p> <p>➤ Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f).</p>	<p>A dirección do Colexio a proposta da instrutora ou instructor do procedemento corrector (a, b, c, d, e)</p> <p>Xefatura Territorial a proposta da Dirección do Colexio (f)</p>

Ver procedemento no punto 4.3.9.

5.4.8. Condutas leves contrarias á convivencia, corrección e responsables da aplicación (art.42, 43, 44 e 45 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

Condutas leves contrarias á convivencia	Correccións	Responsable aplicación
<p>a) As condutas tipificadas como gravemente prexudiciais a), b), c), g), h) e i) que non alcancen a gravidade requirida.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial.</p> <p>c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) A utilización inadecuada de aparellos electrónicos.</p> <p>f) A incorrección na presenza, motivada pola falta de aseo persoal ou na indumentaria non respectando a normativa do centro a tal efecto.</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	<p>Profesorado (a, b, c) dando conta á xefatura de estudos</p> <p>Titora ou titor (a, b, c, d) Dando conta á xefatura de estudos</p> <p>Xefa/e de estudos ou Director/a (a, c, d, e, f)</p> <p>Director/a (g, h)</p>
<p>1. Ao alumnado que se apliquen as correccións g) e h), se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito á dirección, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.</p> <p>2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras ao que se refire o punto anterior 1., así como as restantes medidas correctoras para condutas leves contrarias á convivencia, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.</p>		

5.4.9. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais (art. 46 ao 56 Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro)

PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

Procedementos de corrección	<ol style="list-style-type: none"> 1. Poderá realizarse por dous procedementos: conciliado ou común. 2. A dirección do centro decidirá o procedemento a seguir en cada caso. 3. A dirección informará ao/á profesor/a titor/a e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais corrixidas. 4. No centro quedará constancia para posibles reincidencias.
Determinación do procedemento	<ol style="list-style-type: none"> 1. A dirección poderá abrir un período de dous días lectivos como máximo, desde que tivo coñecemento dos feitos, de información previa. 2. A dirección poderá adoptar medidas correctoras provisionais de cambio temporal de grupo, suspensión de asistencia a clase ou actividades, ou suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período non superior a tres días lectivos. 3. A dirección optará, sempre que sexa posible polo procedemento conciliado.
Inicio do procedemento	<ol style="list-style-type: none"> 1. No prazo de tres días lectivos, desde o coñecemento da conduta a dirección notificará á alumna ou alumno, ou aos pais ou titores legais de ser menores de idade do inicio do procedemento conciliado ou do procedemento común. 2. No caso de procedemento conciliado á alumna ou alumno, ou os pais/titores legais deberán comunicar por escrito a aceptación ou non deste procedemento no prazo máximo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicar nada aplicaráselle o procedemento conciliado. 3. Independentemente de conciliado ou común a dirección designará un persoa docente como instrutora ou instrutor do procedemento corrector. 4. Funcións da persoa instrutora: <ol style="list-style-type: none"> a) Practicar cantas dilixencias sexan necesarias para comprobar a conduta. b) Custodiar os documentos e efectos da instrución. c) Propor á dirección a adopción de medidas provisionais ou reparadoras. d) Propor á dirección o arquivamento se logo das indagacións considera que non procede corrección. 5. A incoación do procedemento e a súa resolución notificaranse á Inspección Educativa.
Procedemento conciliado	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pódese aplicar de se cumpriren os seguintes requisitos: <ol style="list-style-type: none"> a) Que a alumna ou alumno recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta/o a reparar o dano e se comprometa a cumprir as medidas correctoras. b) Que os afectados pola súa conduta mostren conformidade de acollerse ao procedemento conciliado. 2. Non procederá nos seguintes casos: <ol style="list-style-type: none"> a) Cando a conduta presenta unha notoria gravidade. b) Cando a persoa agraviada non comunique a súa disposición de acollerse ao procedemento conciliado. c) Cando a alumna ou alumno autor da conduta non comunique a súa disposición de acollerse ao procedemento conciliado. d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno.
Desenvolvemento do procedemento conciliado	<ol style="list-style-type: none"> 1. No prazo máximo dun día lectivo tras o remate do prazo para a comunicación da opción elixida a dirección convocará ás persoas instrutora e afectadas a reunión. 2. A persoa instrutora recordará que están a participar nun procedemento conciliado ao que se someteron voluntariamente e que isto supón acatar o acordo que se derive deste. Tamén advertirá que as declaracións formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación. 3. A persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia e propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. Logo dará a palabra ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións. 4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia, á hora de determinar a medida correctora. 5. As persoas participantes acordarán a medida correctora adecuada e, se procede, as medidas educativas reparadoras. Deberá quedar por escrito a conformidade coas medidas correctoras por parte da alumna/o da conduta e da persoa agraviada (pais/titores en menores). O acordo será ratificado pola dirección. 6. O incumprimento das medidas correctoras derivará nun procedemento común. 7. O procedemento conciliado remata unha vez obtido o acordo entre as partes. De non haber acordo seguirá polo procedemento común.

<p>Intervención de persona mediadora no procedemento conciliado</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Unha persoa elixida pola dirección do centro actuará como persoa mediadora. 2. A persoa mediadora colaborará coa instrutora, non substituíndo a esta última. 3. As funcións da persoa mediadora poderán ser: <ol style="list-style-type: none"> a) Contribuír ao proceso de conciliación. b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprendan o procedemento. c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado.
<p>Procedemento común</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizarase cando non sexa posible o procedemento conciliado. 2. Require da instrución dun procedemento corrector.
<p>Desenvolvemento do procedemento común</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. A persoa responsable da tramitación será a persoa designada como instrutora. 2. A persoa instrutora precisará no expediente o tipo de conduta e a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias e do grao de responsabilidade. Disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación. 3. Finalizada a instrución, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e pais/titores legais en caso de menores de idade convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Nesta comparecencia poderán acceder a todo o actuado e expedirse acta da mesma.
<p>Resolución do procedemento de corrección</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. A dirección do centro, coa proposta da instrutora, ditará resolución escrita do procedemento de corrección cos seguintes contidos: <ol style="list-style-type: none"> a) Feitos probados. b) De ser o caso, circunstancia que reduzan ou acentúen a responsabilidade. c) Medidas correctoras que se vaian a aplicar. d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora. 2. A dirección notificaralle por escrito, á alumna ou alumno e aos pais/titores, de ser menor de idade, a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da persoa instrutora, e remitiraa á xefatura territorial correspondente. 3. As correccións impostas poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia da alumna ou alumno, ou dos pais/titores legais en caso de menores de idade. 4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación das eventuais condutas de acoso. 5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.
<p>Compromisos educativos para a convivencia</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo que non haxa conciliación por no ser aceptadas as desculpas pola parte prexudicada, poderase suspender a aplicación de medidas correctoras adoptadas se asinan un compromiso educativo de convivencia. 2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro. 3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.
<p>Prescrición de condutas e correccións</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. As condutas gravemente prexudiciais prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes. 2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese. 3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento. 4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO: ACOSO ESCOLAR

6.1. Concepto e tipos de acoso escolar

Cando falamos de acoso escolar (bullying) referímonos a situacións nas que un ou máis alumnos/as (agresor) perseguen e intimidan a outro/a (víctima) a través de agresións físicas ou verbais, insultos, rumores, vexacións, illamento social, ameazas, coaccións... podendo desenvolverse ao longo de meses e mesmo anos.

Non podemos chamar acoso cando alguén se mete con outro de forma amigable ou como nun xogo. Tampouco é acoso cando dous estudantes "da mesma forza" discuten ou pelexan.

As formas de acoso escolar poden ser moi diversas sen necesidade de que se produza unha agresión física, en ocasións trátase dun conxunto de intimidacións que deixan á vítima sen resposta.

Algunhas destas condutas intimidatorias son:

- Maltrato verbal: insultos, falar mal de alguén ou difamar, sementar rumores ou contos.
- Intimidacións psicolóxicas: ameazas para provocar medo, lograr algún obxecto ou diñeiro e tamén para obrigar a facer cousas contra a súa vontade, chantaxe e burlas públicas, pintadas alusivas, notas e cartas ameazantes.
- Maltrato físico: directo ou indirecto. Directo sería cando se trata de malleiras, lesións con diferentes obxectos, agresións en forma de patadas, "collejas"... Ou indirecto serían roubos e estrago de material escolar, roupa e outros obxectos persoais.
- Illamento social: ignorar e non dirixir a palabra, impedir a participación co resto do grupo, coaccionar amigos da vítima para que non interactúen con esta. Rexeitamento a sentarse ao seu lado na aula.

Co incremento das novas tecnoloxías nace o ciberacoso que se produce cando unha alumna ou alumno é atormentado, ameazado, acosado, humillado ...; ou convértese no branco doutro neno ou adolescente a través da internet, tecnoloxías interactivas e dixitais ou teléfonos móbiles. Ten que implicar a un menor de idade en ámbolos dous lados ou, polo menos, a situación ten que ter sido instigada por un menor contra outro menor. Dentro deste tipo de acoso podemos distinguir:

- Insultos electrónicos: Intercambio de insultos entre dous ou máis persoas que teñen lugar a través dalgunha das novas tecnoloxías. Intercambio de emails

privados ou intercambio en contextos públicos como chats... Intercambio mutuo de insultos entre varias persoas implicadas.

- Fustrigamento: Mensaxes ofensivas continuadas enviadas á persoa elixida como branco por correo electrónico e/ ou en foros públicos como salas de chat e foros de debate; envío de centos ou miles de mensaxes de texto ao teléfono móbil. Neste caso, ao contrario que os insultos electrónicos se mantén a longo prazo e prodúcese máis unilateralmente, é dicir, dun ou máis agresores fronte a unha única vítima.
- Denigración: Información despectiva e falsa respecto a outra persoa que é colgada nunha páxina web ou difundida vía correos electrónicos, mensaxes instantáneas... por exemplo, fotos dunha persoa alteradas dixitalmente de forma que poidan prexudicar á persoa en cuestión.
- Suplantación: O acosador faise pasar pola vítima, a maioría das veces utilizando a clave de acceso da vítima para acceder ás súas contas online, e a continuación enviando mensaxes negativas, agresivas ou crueis a outras persoas coma se tivesen sido enviados pola propia vítima.
- Desvelamento e sonsacamento: Implica revelar información comprometida da vítima a outras persoas, enviada de forma espontánea pero privada pola vítima ou que foi lurpiada á vítima e despois difundida a outras persoas.
- Exclusión: Non deixar participar á persoa dunha rede social específica.
- Ciberpersecución: Envío de comunicacións electrónicas reiteradas, fustrigantes e ameazantes.
- Malleira feliz (happy slapping): Realízase unha agresión física a unha persoa á que se grava en vídeo co móbil e logo cólgase na rede para que o vexan milleiros de persoas.

6.2. Prevención das situacións de acoso escolar

As actividades de prevención que se desenvolven no noso centro como medidas preventivas de cara ao acoso escolar son as seguintes:

- ✓ Convivencias de acollida de inicio de curso en ESO e FPB.
- ✓ Xornada de acollida en Infantil e Primaria.

- ✓ Período de adaptación en 4º de Infantil.
- ✓ Dinámicas de cohesión grupal ao longo de todo o curso nos grupos de traballo de cooperativo incidindo nos responsables de aula.
- ✓ Tutorías sobre normativa de convivencia.
- ✓ Tutorías sobre dereitos e deberes do alumnado.
- ✓ Tutorías trimestrais individuais e grupais coas nais/pais e titoras ou titores legais do alumnado nas que se valora o funcionamento e a dinámica da aula .
- ✓ Tutorías grupais e individuais do titor co alumnado para acompañamento e seguimento.
- ✓ Tutorías específicas dentro do plan de acción tutorial sobre convivencia entre iguais e formación en valores.
- ✓ Tutorías específicas sobre temas relacionados coa convivencia en colaboración coa Concellería de Sanidade do Concello de Ourense para alumnado e familias con diferentes temáticas por cursos: acoso escolar, ciberacoso, drogas Plan Vixía, sobreprotección, relacións afectivo-sexuais.
- ✓ Desenvolvemento do proxecto patio en todas as etapas do centro.
- ✓ Plan Director coa unidade Participación Cidadá da Policía Nacional para prevención de condutas contrarias á convivencia.
- ✓ Proxecto de Saúde Integral en todas as etapas do centro.
- ✓ Seguimento e acompañamento do alumnado novo de ESO e FPB cada novo curso, co Departamento de Orientación

6.3. Detección das situacións de acoso escolar

A observación das diferentes condutas é o método máis utilizado no centro para a identificación de situacións de acoso ou ciberacoso. Sen embargo, é a información e formación continua dada ao alumnado e as familias a que fai que se poida chegar a moitos casos nos que a observación non é un elemento suficiente.

Desde o centro ponse en coñecemento de toda a comunidade educativa as diferentes canles existentes para achegar información sobre unha posible conduta de acoso escolar, protexendo a confidencialidade da persoa informante. Sendo conscientes en todo intre que a figura do observador é a que debemos potenciar á hora de loitar contra as situacións de acoso.

6.4. Tratamento das situacións de acoso escolar

Aplicación no centro do [Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e o ciberacoso](#) aprobado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

6.5. Protección integral das vítimas

Adoptaranse as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión da convivencia escolar é o órgano colexiado para reflexionar e investigar o estado da convivencia no centro e deseñar estratexias a adoptar para mellorar o clima de convivencia escolar.

7.1. Configuración e composición

Constituída no seo do consello escolar, estará integrada por:

- O director/a pedagóxico/a.
- O xefe ou xefa de estudos.
- O orientador ou orientadora.

- Un representante do alumnado.
- Un representante de pais e nais.
- Un representante do persoal non docente.
- Dous profesores/as.
- Un representante da entidade titular.

7.2. Plan de actuación

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do consello escolar do centro as seguintes funcións tal e como recolle o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este

informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

7.3. Plan de reunións

A Comisión de Convivencia en cada un dos trimestres do curso escolar con carácter xeral e, a maiores, cando se precise segundo as necesidades.

7.4. A aula de convivencia

Entendemos por aula de convivencia un espazo de reflexión que aproveita o potencial educativo do conflito na busca de consecuencias positivas:

- a) Aprender a tomar decisións e actuar.
- b) Desenvolver a creatividade e maila habilidade para a busca de solucións.
- c) Estimular o pensamento reflexivo.
- d) Aprender a afrontar a realidade e a recuperarse da adversidade.
- e) Descubrir que todos podemos gañar.
- f) Aprender a valorarse a si mesmo e a valorar as diferenzas.

7.4.1. Obxectivos da aula de convivencia

- ✓ Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- ✓ Fomentar no centro os valores, actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que se puideran dar no centro, e aprender a utilizalos coma fonte de experiencia e aprendizaxe.

- ✓ Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- ✓ Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo isto ao desenvolvemento das clases.
- ✓ Axudar ao alumnado a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares.
- ✓ Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa integración escolar.
- ✓ Mellorar a vida académica e persoal do alumno ou alumna.
- ✓ Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- ✓ Facer de termómetro da conflictividade no centro, xa que por ela pasan case todos os conflitos, deste xeito, pódense estudar tanto cualitativa coma cuantitativamente.

7.4.2. Criterios para que o alumnado poda ser atendido na aula de convivencia

- Alumnado que fose corrixido por unha conduta contraria á convivencia ou cunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia e que por dito motivo fose privado do dereito de asistencia a determinadas clases.
- Alumnado que pola súa conduta interrompa o normal desenvolvemento da actividade lectiva.
- Alumnado que pola súa actitude cara ao seu deber de estudo altere o normal desenvolvemento da actividade lectiva.
- Que o alumno ou alumna non houbese asistido á aula de convivencia polo mesmo motivo con anterioridade no trimestre en curso.

7.4.3. Procedemento de asistencia á aula de convivencia

Nos casos nos que a asistencia á aula de convivencia non viñera derivada dunha corrección imposta pola xefatura de estudos ou dirección do centro por unha conduta contraria á convivencia ou gravemente prexudicial para a convivencia, seguirase o seguinte procedemento:

1. O profesor/a encargado do alumno ou alumna no intre que se producise a conducta que deriva na proposta á xefatura de estudos para a asistencia á aula de convivencia cumprimentará unha folla de incidencia de dita conduta acompañada da tarefa a realizar polo alumno ou alumna.
2. O alumno ou alumna acompañado por outro alumno ou alumna designado/a polo profesor/a entregará o parte de incidencia ao xefe ou xefa de estudos.
3. O xefe ou xefa de estudos valorará o parte autorizando a asistencia do alumno/a á aula de convivencia ou denegando dita solicitude por estimala improcedente, en ámbolos dous casos rexistrará a incidencia.
4. No caso de ser autorizado pola xefatura de estudos o alumno/a acompañado do seu compañeiro/a irá á aula de convivencia onde entregará o parte ao profesor/a encargado da aula nese intre.
5. A xefatura de estudos informará ao titor ou titora do alumno/a da incidencia, sendo este último/a o que informará aos pais ou titores legais do alumno/a.

8. DELEGADOS OU DELEGADAS DO ALUMNADO

A elección do delegado ou da delegada do grupo-clase en secundaria e formación profesional básica levarase a cabo ao comezo do curso e sempre despois dun período de coñecemento entre os membros do grupo, mediante sufraxio universal entre o alumnado do grupo-clase e voto segredo. A devandita actividade supón habituar ao alumnado á participación dunha maneira democrática e responsable, á valoración das funcións que debe levar a cabo e ao recoñecemento da importancia da elección dunha persoa responsable e competente.

Polas características específicas e as idades do alumnado de educación infantil non existirá esta figura, sendo substituída polo coordinador de equipo que cambiará periodicamente seguindo as pautas establecidas do traballo cooperativo.

En educación primaria, o delegado ou delegada de aula rotará por días ou semanas.

As funcións do delegado ou delegada do grupo-clase serán:

- ✓ Asistir ás reunións da Xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- ✓ Expoñer ao titor/a, ou ao coordinador/a de etapa, ou ao xefe/a de estudos, ou ao director/a as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.
- ✓ Fomentar a convivencia entre os alumnos/as do seu grupo.

- ✓ Colaborar co titor/a e o resto do profesorado do grupo nos temas que afecten ao funcionamento deste.
- ✓ Colaborar co profesorado e co equipo directivo do centro para a boa marcha do mesmo.
- ✓ Coidar a axeitada utilización do material e das instalacións do centro.
- ✓ Todas as funcións que estableza o Regulamento de Réxime Interior.

9. COMISIÓN DE NAIS E PAIS

Na reunión-titoría grupal do titor/a coas nais e pais ou titores legais dos alumnos/as de cada grupo de inicio de curso se procederá á elección de tres nais ou pais por grupo clase que formarán a comisión de nais e pais do grupo-curso en cuestión. A elección realizarase mediante votación por sufraxio universal dun voto por familia que será segredo. Resultarán elixidos as tres nais ou pais con maior número de votos.

As funcións da comisión de nais e pais serán:

- ✓ Representar ás nais e pais do alumando do grupo, recollendo as súas inquedanzas, intereses e expectativas e dando traslado dos mesmos ao titor ou titora do grupo.
- ✓ Asesorar ás familias do alumnado do grupo no exercicio dos seus dereitos e obrigas.
- ✓ Implicar ás familias na mellora da convivencia e da actividade docente no grupo e no centro e impulsar a súa participación nas actividades que se organicen.
- ✓ Fomentar e facilitar a comunicación das nais e dos pais do alumnado co titor/a do grupo e co resto do profesorado que imparte docencia ao mesmo.
- ✓ Facilitar a relación entre as familias do alumnado do grupo e o equipo directivo, a asociación de nais e pais e os representantes deste sector no consello escolar do centro.
- ✓ Colaborar no desenvolvemento das actividades programadas polo centro para informar ás familias do alumnado do grupo e para estimular a súa participación no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- ✓ Mediar na resolución pacífica de conflitos entre o propio alumnado do grupo ou entre este e calquera membro da comunidade educativa, de acordo co que estableza o plan de convivencia.

- ✓ Colaborar no establecemento e seguimento dos compromisos educativos e de convivencia que se subscriban coas familias do alumnado do grupo.
- ✓ Calquera outra que lle sexa atribuída no plan de convivencia do centro.

10. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E CON OUTROS ORGANISMOS

A instancias dos diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, nais ou pais do alumnado, persoal non docente ...) ou ben por iniciativa de entidades ou institucións do entorno do noso centro, poderán subscribirse acordos ou convenios de colaboración. Ditos acordos ou o convenios de colaboración irán encamiñados á realización de actuacións de carácter educativo e poderán desenvolverse tanto en horario escolar como extraescolar, previamente planificadas e contempladas no plan xeral anual. Ditas actuacións poderán estar dirixidas aos diferentes sectores da comunidade educativa:

- Alumnado: tanto nas sesións programadas dentro do plan de acción tutorial, coma no horario das diferentes materias, ou ben en actividades de tipo extraescolar, tanto deportivas como pastorais.
- Nais e pais do alumnado: en actividades formativas e de sensibilización.
- Persoal docente e non docente: en actuacións relacionadas coa formación e a colaboración mutua.

Darase prioridade a aquelas entidades e institucións, tanto públicas como privadas, que fomenten valores como a convivencia, o respecto mutuo, a equidade, a solidariedade ou a paz, e que estean en sintonía co ideario do centro. En todo caso, os convenios de colaboración que poidan subscribirse terán a duración dun curso escolar, podendo ser renovados cada curso en función da avaliación que, en cada curso, se realice das actuacións desenvolvidas.

O centro colabora activamente ao longo do curso coa rede de centros católicos agrupados en Escolas Católicas cos que comparte diferentes actividades e proxectos encamiñados a mellorar a convivencia no noso centro.

Do mesmo xeito existe unha estreita colaboración co Instituto "Julio Prieto Nespereira" no que continúan os seus estudos de bacharelato a meirande parte do noso alumnado. Esta relación dáse mediante charlas informativas nos meses anteriores ao acceso do noso alumnado ao instituto e ao longo de toda a súa etapa educativa xa que grande parte da actividade deportiva do noso centro realízase no instituto cun convenio de colaboración.

Ademais, o centro ten colaboración directa tanto en actividades formativas, como de asesoramento e de información bidireccional fluída cos seguintes organismos:

- Unidade de Participación Cidadá da Policía Nacional (Plan Director).
- Fiscalía de Menores.
- Concellería de Sanidade do Concello de Ourense.
- Unidade de Menores da Policía Autonómica.
- Centro de Menores.
- Servizos Sociais do Concello de Ourense.
- Servizo de Menores da Xunta de Galicia.
- Servizo Xurídico de Escolas Católicas de Galicia.
- Unidade de Saúde mental.

11. DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

11.1. Aprobación e difusión

- O plan de convivencia será elaborado polo equipo directivo, coa colaboración daqueles outros profesionais que traballen no centro ou doutros membros da comunidade educativa, no caso de consideralo oportuno.
- A proposta do plan de convivencia será aprobada polo claustro de profesores e profesoras, en primeira instancia, e polo Consello Escolar, en segunda instancia, precisando da maioría absoluta dos votos.
- O Consello Escolar establecerá as medidas para que o plan de convivencia sexa coñecido por todos os membros da comunidade educativa.
- O plan de convivencia estará publicado na web do centro.
- Unha vez aprobado o plan de convivencia será incorporado como documento integrante do Proxecto Educativo de Centro.

11.2. Seguimento e avaliación

1. O plan de convivencia será revisado ao remate de cada un dos trimestres do curso polo claustro de profesores
2. Á finalización de cada curso escolar, o equipo directivo elabora a proposta de memoria do plan de convivencia.

3. Na sesión de aprobación da memoria final do curso, o claustro de profesores e profesoras, en primeira instancia, e o Consello Escolar en segunda instancia, aprobarán, dita proposta de memoria do plan de convivencia, sendo precisa a maioría absoluta dos votos.
4. Incluirase a memoria do plan de convivencia na memoria final de curso e se arbitrarán as medidas oportunas para que sexa coñecida por todos os sectores da comunidade educativa.

A memoria do plan de convivencia estará formada polos seguintes aspectos:

- Grado de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actuacións realizadas e grado de participación dos distintos sectores.
- Formación e asesoramento recibidos no ámbito da convivencia e recursos empregados.
- Valoración dos resultados, conclusións e propostas de continuidade e mellora para cursos sucesivos.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.